



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SANTIAGO DE COMPOSTELA

*Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas*

#### PREMIO XOHANA TORRES DE ENSAYO, INVESTIGACIÓN Y CREACIÓN AUDIOVISUAL SOBRE LAS MUJERES EN LA SOCIEDAD GALLEGA. CONVOCATORIA 2024

**BDNS (Identif.): 746076**

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/746076>)

#### PREMIO XOHANA TORRES DE ENSAYO, INVESTIGACIÓN Y CREACIÓN AUDIOVISUAL SOBRE LAS MUJERES EN LA SOCIEDAD GALLEGA

##### BASES Y CONVOCATORIA AÑO 2024

Extracto del acuerdo adoptado por Junta de Gobierno Local en fecha 26 de Febrero de 2024 del Ayuntamiento de Santiago de Compostela, (Referencia nº expediente: 2024/00001786S) por la que se aprobaron las bases y convocatoria del Premio Xohana Torres de Ensayo, Investigación y Creación Audiovisual sobre las Mujeres en la sociedad Gallega

Texto:

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3 b y 20.8.a de la Ley 38/2013, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/>)

**Primera.** Personas Beneficiarias: Podrán concurrir a esta convocatoria cualquier persona física individualmente o en una agrupación sin personalidad jurídica. Las agrupaciones deberán hacer constar expresamente, tanto en la solicitud como cuando se resuelva la concesión, los compromisos de ejecución que asume cada uno de sus miembros, así como el porcentaje de subvención que se les aplicará. Todas las personas miembros integrantes de la agrupación, tendrán la condición de personas beneficiarias, tal y como se recoge en el artículo 11 de la Ley 38/2013, de 17 de noviembre, general de subvenciones y estarán obligadas a nombrar a una persona o apoderada única de la agrupación, con poderes bastantes para cumplir con las obligaciones que, como beneficiaria, corresponden a la agrupación.

Las personas que deseen participar, tanto individual como colectivamente, no podrán incurrir en ninguna de las prohibiciones previstas en el artículo 13 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, general de subvenciones, y en la demás legislación concordante. Así mismo, deberán estar al corriente de sus obligaciones tributarias y frente a la Seguridad Social y no tener ninguna deuda pendiente de pago con el Concello de Santiago de Compostela.

**Segunda.** Objeto: Los trabajos que se presenten al premio, tratarán de la participación de las mujeres en la sociedad y tendrán como objetivo resaltar el papel protagonista o el olvido de las mujeres en los diferentes ámbitos de la sociedad gallega. Podrán ser de carácter histórico, político, científico, literario, artístico, etc.

Podrán tener la forma de ensayo, investigación científica o composición audiovisual, y siempre se referirán a mujeres gallegas o experiencias de las mujeres en Galicia.

**Tercera.** Requisitos de las obras: Las obras que se presenten tendrán que ser en cualquier caso obras inéditas y no premiadas con anterioridad.

Los originales presentados a concurso, se presentarán sin firmar bajo seudónimo y no contendrán ningún elemento que permita identificar al autor, autora o agrupación.

El formato de las obras tendrá que encuadrarse en alguna de las dos modalidades do premio: 1. Ensayo/investigación o 2. Creación audiovisual

El incumplimiento de estos requisitos supondrá la exclusión automática de la participación en la convocatoria.

**Cuarta:** Forma de presentación de las obras. Modalidad ensayo/investigación: a) Las personas participantes deberán en soporte digital y por duplicado un único trabajo, en formato PDF con un tamaño máximo de 100 MB. Las copias se entregarán en cada uno de su Pendrive.

b) Los trabajos tendrán una extensión mínima de 150 páginas y máxima de 300, a doble espacio, tamaño de la fuente 12, con márgenes de 2,5 centímetros, a una sola cara y numeradas.

c) Las obras, deberán presentarse con la siguiente estructura: introducción, en la que se exprese el tema y el objetivo del trabajo; desarrollo, con la exposición y el análisis del tema; conclusiones y bibliografía, con las referencias a las fuentes consultadas.

Modalidad creación audiovisual: a) Los trabajos audiovisuales podrán corresponderse con cualquier tipo de expresión artística y tendrán una duración mínima de 15 minutos.

b) Se presentarán por duplicado en cada uno de su Pendrive, en el que se incluirá una copia del vídeo.

**Quinta.** Bases reguladoras. Las bases reguladoras incorporadas a esta Convocatoria.

**Sexta:** Lugar de presentación y forma de presentación de las solicitudes. Solamente serán admitidas obras que sean presentadas según lo establecido en estas bases bajo seudónimo y plica que impida reconocer la identidad del autor, autora o agrupación con anterioridad al fallo, atendiendo las siguientes indicaciones:

Para la presentación de las solicitudes se podrán emplear cualquiera de las vías previstas en el artículo 16.4 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, en cualquiera de las siguientes formas:

a) Solicitud presencial: En los horarios de funcionamiento del Registro del Ayuntamiento de Santiago de Compostela Rúa Presidente Salvador Allende, nº 4 bajo, de lunes a viernes, acompañados de la solicitud de participación

En el caso de presentación presencial en el registro físico se acercarán dos sobres con el siguiente contenido:

**Sobre 1:**

1.Copia de la solicitud de participación inscrita (la facilitará el personal del registro).

2.Declaración expresa de que las personas participantes son propietarias de la obra y de que esta es original e inédita y no fue premiada con anterioridad ni presentada a ninguno otro certamen.

3.Declaración responsable de que las personas participantes están al corriente en el cumplimiento de los deberes tributarios y frente a Seguridad Social, así como de que no tienen deudas pendientes con el Ayuntamiento de Santiago de Compostela

4.Declaración de que ninguna de las personas participantes incurre en causa de incompatibilidad o prohibición para ser beneficiaria de subvenciones, de acuerdo con el artículo 13 de la Ley 38/2003 de 17 de noviembre, general de subvenciones y demás legislación concordante.

5.Declaración de no haber recibido ninguna otra subvención o ayuda para realizar el mismo trabajo.

En el anverso del sobre constará el título del trabajo, el seudónimo del autor o autora (si lo hubiera), la modalidad y la categoría a la que se opta.

Una vez cerrado el sobre 1 se entregará junto con el sobre 2.

**Sobre 2:**

Se incluirá el trabajo según el formato establecido en las bases de la presente convocatoria.

En la primera página del trabajo se incluirá: el título del trabajo, el seudónimo del autor, autora o agrupación, que impida reconocer la identidad del autor, autora o agrupación: y la modalidad y la categoría a la que se opta.

B) Solicitud telemática: Se tramitarán a través de la Sede electrónica del Ayuntamiento de Santiago de Compostela: <http://sede.santiagodecompostela.es>. Para eso, deberá estar en posesión de: Certificado digital o PIN 24 horas.

En las solicitudes presentadas telemáticamente, además de la aportación de la documentación relacionada anteriormente en el Sobre 1 se hará constar:

- El link al Wetransfer para poder descargar el trabajo

**Séptima:** Cuantía: Se premiarán dos trabajos, uno en la modalidad de ensayo/investigación y otro en la modalidad de creación audiovisual.

Cada uno de los premios estará dotado con 2.500 € y sujeto a las retenciones fiscales que legalmente le sean de aplicación. Las personas ganadoras recibirán del Concello de Santiago de Compostela el premio en metálico.

El Servicio de Publicaciones de la Universidad de Santiago de Compostela será el encargado de publicar las obras ganadoras a cuenta de los derechos de edición.

El Concello de Santiago y la Universidad de Santiago de Compostela les darán la máxima difusión posible a los trabajos ganadores en cada una de las modalidades.

La concesión de los premios quedará condicionada a la existencia de crédito adecuado y suficiente en el momento de la resolución.

La concesión del premio implica que las personas beneficiarias acepten las obligaciones contenidas en el artículo 14 de la Ley general de subvenciones y, en particular: a) Someterse a las actuaciones de comprobación y control financiero del Concello de Santiago de Compostela; b) Estar al corriente de sus obligaciones tributarias y con la Seguridad Social, así como no tener ninguna deuda pendiente con el Concello de Santiago de Compostela.

La candidata premiada deberá presentar una ficha de terceros debidamente cubierta en el plazo máximo de veinte días naturales contados a partir del día siguiente a la notificación.

**Octava.** Lengua y uso de lenguaje no sexista. Todas las obras tendrán que estar redactadas en lengua gallega y emplear un lenguaje no sexista.

**Novena.** Plazo de presentación de solicitudes. El plazo de presentación de los trabajos comienza el día 8 de marzo de 2024 y finaliza el 30 de diciembre de 2024 a las 14,00 horas.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

26/2/2024

GORETTI SANMARTÍN REI

#### **PREMIO XOHANA TORRES DE ENSAIO, INVESTIGACIÓN E CREACIÓN AUDIOVISUAL SOBRE AS MULLERES NA SOCIEDADE GALEGA. CONVOCATORIA 2024**

**BDNS (Identif.):746076**

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publíquese o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/746076>)

#### **PREMIO XOHANA TORRES DE ENSAIO, INVESTIGACIÓN E CREACIÓN AUDIOVISUAL SOBRE AS MULLERES NA SOCIEDADE GALEGA**

##### **CONVOCATORIA ANO 2024**

Extracto do acordo da XGL do Concello de Santiago de Compostela de data 26 de febreiro de 2024, (Referencia nº de expediente: 2024/00001786S), pola que se aprobou a convocatoria do Premio Xohana Torres de ensaio, investigación e creación audiovisual sobre as mulleres na sociedade galega, para o ano 2023.

Texto:

De conformidade có previsto nos artigos 17.3 b e 20.8.a da Lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publíquese o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/>)

**Primeira.** Persoas Beneficiarias: Poderá concorrer a esta convocatoria calquera persoa física, individualmente ou nunha agrupación sen personalidade xurídica.

As agrupacións deberán facer constar expresamente, tanto na solicitude como cando se resolva a concesión, os compromisos de execución que asume cada unha das persoas membros así como a porcentaxe de subvención que se lles aplicará. Todas terán a condición de persoas beneficiarias tal e como se recolle no artigo 11 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e estarán obrigadas a nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poderes bastantes para cumprir coas obrigas que, como beneficiaria, corresponden á agrupación.

As persoas que desexen participar, tanto individual como colectivamente, non poderán incurrir en ningunha das prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na demais lexislación concordante. Asemade, deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter ningunha débeda pendente de pagamento co Concello de Santiago de Compostela.

**Segunda.** Obxecto.: Os traballos que se presenten ao premio tratarán da participación das mulleres na sociedade, e terán como obxectivo resaltar o papel protagonista ou o esquecemento das mulleres nos diferentes ámbitos da sociedade galega. Poderán ser de carácter histórico, político, científico, literario, artístico, etc... e ter forma de ensaio, investigación científica ou composición audiovisual, e sempre se referirán a mulleres galegas ou experiencias das mulleres en Galicia.

**Terceira.** Requisitos das obras.- As obras que se presenten terán que ser en calquera caso obras inéditas e non premiadas con anterioridade.

Os orixinais presentados a concurso, presentaranse sen firmar baixo pseudónimo e non conterán ningún elemento que permita identificar ao autor, autora ou agrupación.

O formato das obras terá que encadrarse nalgunha das dúas modalidades do premio: ensaio/investigación ou creación audiovisual

O incumprimento destes requisitos suporán a exclusión automática da participación na convocatoria.

**Cuarta:** Forma de presentación das obras.-Modalidade ensaio/investigación:

a) As persoas participantes deberán presentar en soporte dixital e por duplicado un único traballo, en formato PDF, cun tamaño máximo de 100 MB. As copias entregaranse en cadanseu pendrive.

b) Os traballos terán unha extensión mínima de 150 páxinas e máxima de 300, a dobre espazo, tamaño da fonte 12, con marxes de 2,5 centímetros, a unha soa cara e numeradas.

c) As obras, deberán presentarse coa seguinte estrutura: introdución, na que se exprese o tema e o obxectivo do traballo; desenvolvemento, coa exposición e análise do tema; conclusións e bibliografía, coas referencias ás fontes consultadas.

Modalidade creación audiovisual:

a) Os traballos audiovisuais poderán corresponderse con calquera tipo de expresión artística e terán unha duración mínima de 15 minutos.

b) Presentaranse por duplicado en cadanseu pendrive, no que se incluírá unha copia do vídeo.

**Quinta.** Bases reguladoras. bases reguladoras incorporadas a esta Convocatoria.

**Sexta:** Lugar de presentación e forma de presentación das solicitudes.-Soamente serán admitidas obras que sexan presentadas segundo o establecido nestas bases baixo pseudónimo e plica que impida recoñecer a identidade do autor, autora ou agrupación con anterioridade ao fallo, atendendo as seguintes indicacións:

Para a presentación das solicitudes poderanse empregar calquera das vías previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en calquera das seguintes formas:

A)Solicitud presencial: Nos horarios de funcionamento do Rexistro do Concello de Santiago de Compostela Rúa Presidente Salvador Allende, nº 4 baixo, de luns a venres, acompañados da solicitude de participación

No caso de presentación presencial no rexistro físico achegaranse dous sobres co seguinte contido:

**Sobre 1:**

1.Copia da solicitude de participación rexistrada (facilitaraa o persoal do rexistro).  
2.Declaración expresa de que as persoas participantes son propietarias da obra e de que esta é orixinal e inédita e non foi premiada con anterioridade nin presentada a ningún outro certame.

3.Declaración responsable de que as persoas participantes están ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, así como de que non teñen débedas pendentes co Concello de Santiago de Compostela

4.Declaración de que ningunha das persoas participantes incorre en causa de incompatibilidade ou prohibición para ser beneficiaria de subvencións, de acordo co artigo 13 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e demais lexislación concordante.

5.Declaración de non ter recibido ningunha outra subvención ou axuda para realizar o mesmo traballo.

No anverso do sobre constará o título do traballo, o pseudónimo do autor ou autora (se o houbese), a modalidade e a categoría á que se opta.

Unha vez pechado o sobre 1 entregarase xunto co sobre 2.

**Sobre 2:**

Incluírase o traballo segundo o formato establecido na base Quinta da presente convocatoria.

Na primeira páxina do traballo incluírase: o título do traballo, o pseudónimo do autor, autora ou agrupación, que impida recoñecer a identidade do autor, autora ou agrupación: e a modalidade e a categoría á que se opta.

B)Solicitude telemática: Tramítaranse a través da Sede electrónica do Concello de Santiago de Compostela: <http://sede.santiagodecompostela.es>. Para iso, deberá estar en posesión de: Certificado dixital ou PIN 24 horas.

Nas solicitudes presentadas telematicamente, ademais da aportación da documentación relacionada anteriormente no Sobre 1 farase constar:

O link a Wetransfer para poder descargar o traballo

**Sétima.-** Contía: Premiaranse dous traballos, un na modalidade de ensaio e outro na modalidade de creación audiovisual.

Cada un dos premios estará dotado con 2.500 € e suxeito ás retencións fiscais que legalmente lle sexan de aplicación. As persoas gañadoras recibirán do Concello de Santiago de Compostela o premio en metálico.

O Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela será o encargado de publicar as obras gañadoras a conta dos dereitos de edición.

O Concello de Santiago e a Universidade de Santiago de Compostela daránlles a máxima difusión posible aos traballos gañadores en cada unha das modalidades.

A concesión dos premios quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución.

A concesión do premio implica que as persoas beneficiarias acepten as obrigas contidas no artigo 14 da Lei xeral de subvencións e, en particular: a) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro do Concello de Santiago de Compostela; b) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como non ter ningunha débeda pendente co Concello de Santiago de Compostela.

A candidata premiada deberá presentar unha ficha de terceiros debidamente cuberta no prazo máximo de vinte días naturais contados a partir do día seguinte á notificación

**Oitava.** Lingua e uso de linguaxe non sexista.Todas as obras terán que estar redactadas en lingua galega e empregar a linguaxe non sexista

**Novena.** Prazo de presentación de solicitudes. O prazo de presentación dos traballos comeza o día 8 de marzo de 2024 e remata o 30 de decembro de 2024 ás 14,00 horas.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

26/2/2024

GORETTI SANMARTÍN REI

2024/1385